

I D e A S

Igualdade e Diversidade Afectivo Sexual

Certame de microrrelatos 25 de novembro Día internacional pola eliminación da violencia de xénero

Microrrelato gañador na categoría “Profesorado e persoal non docente”

“ O prezo do tempo”

Un minuto, sesenta segundos, que pouco tempo, pero canto pode permanecer na nosa pel... Ese foi o intre de tempo que chegou tarde a miña nai, ese foi o escaso tempo no que o prato da cea non estaba encol da mesa, ese foi o motivo polo que meu pai xustificou a malleira. Non preguntou o motivo polo que chegara tarde aquel día, só tivo presente que ás nove da noite é a hora da cea na casa, e que o seu prato de caldo quente non estaba no seu sitio. Miña nai chegara tarde, un minuto tarde, porque o transporte público se atrasara, e ese atraso custoulle un ollo morado e a meixela encarnada. Non hai xustificación para o acontecido, pero ao día seguinte volveu saír o sol.

Mª del Mar Rodríguez Rocha